



Expediente núm.: 4508/2024

Contrato: C24/9.bis Servizo de mantemento de equipos e redes informáticas

Asunto: Acta da Mesa de Contratación permanente

Data e hora: 9.08.2024 _10:00

Lugar de celebración: Sala de Xuntas

Sendo ás 10:47 horas do día sinalado, previa convocatoria reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se indican, para o estudo e debate dos asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria.

ASISTENTES:

Presidenta: Araceli Gestido Rodríguez - Alcaldesa

Secretaria da mesa: Paula Piñeiro Portela –TAX Apoio Xurídico a Secretaría

Vogais:

Alfonso J. Lage Pérez – Secretario Acctal.

Sergio Curra Moreira - Interventor municipal

Antonio Iglesias Franco - Concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente

Non asiste: Jacobo Vecino Raimundo (Tesoureiro municipal) nin o seu suplente.

Logo da constitución formal da mesa, a secretaria informa das ofertas recibidas electrónicamente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (en adiante PLACSP) no prazo outorgado ao efecto, que comprendía desde o día 20 de xullo ao 5 de agosto ás 23:59 horas. Os licitadores presentados son os seguintes:

	LICITADOR	NIF	DATA
1	Balidea Consulting & Programing S.L.	B15850647	2/08/2024_14:40
2	Evelb Técnicas y Sistemas S.L.	B70240320	5/08/2024_19:20

PRIMEIRO.- Apertura e cualificación administrativa

Procédese á apertura do SOBRE A e descarga da documentación administrativa. Examinados o DEUC e a declaración responsable de cada licitador compróbase que se axusta ao establecido no prego e que ambos declaran cumprir cos requisitos de participación. Respecto dos certificados esixidos, o cadro de características do contrato establece o seguinte: *Apartado 6.4-CCC: Sobre A «Documentación administrativa».* Incluirá a seguinte documentación:

- *Declaración responsable segundo o formulario de documento europeo único de contratación aprobado no seo da Unión Europea (DEUC) (Anexo I)*
- *Declaración responsable múltiple (Anexo II)*
- *Certificado ISO/IEC/27001*





- *Certificado ENS nivel medio*

Apartado 5.4 do CCC *Concreción das condicións de solvencia: MEDIOS OU UNIDADES TÉCNICAS: É requisito imprescindible que os licitadores contén cos seguintes certificados:*

- *ISO/IEC 27001: Certificación do sistema de xestión de seguridade da información.*
- *ENS nivel MEDIO vixente, aparecendo no listado de empresas oficial da páxina do ENS(<https://gobernanza.ccn-cert.cni.es/certificados>)*

*Todas as certificacións deben estar en vigor no momento da presentación da oferta, na formalización e durante a execución do contrato. **Os licitadores que non cumpran coas certificacións requiridas como requisito imprescindible, especificadas no parágrafo anterior quedarán excluídas do proceso de licitación.***

Os licitadores presentaron a seguinte documentación:

Evelb Técnicas y Sistemas S.L.

- Certificado ISO/IEC/27001: documento no que TEMPO CONSULTORÍA ESTRATÉGICA S.L. certifica que EVELB “*dispone desde el mes de junio de 2021 de un sistema de Gestión del Servicio TI y Seguridad de la Información implantado conforme a las Normas UNE-ISO/IEC 27001:2017.*
- Certificado ENS nivel medio: achega certificado Applus+ de data 19.02.2021 sen acreditar a súa vixencia. Non aparece no listado de empresas oficial da páxina do ENS <https://gobernanza.ccn-cert.cni.es/certificados> e así o recoñece na súa declaración responsable.

Balidea Consulting & Programing S.L.

- Certificado ISO/IEC/27001: certificado emitido por AENOR en data 10.01.2011 válido ata 10.01.2025.
- Certificado ENS nivel medio: certificado emitido por AENOR en data 18.01.2023, con certificación de conformidade en data 5.05.2024 e válida ata o día 5.05.2026. Aparece ademais no listado de empresas oficial da páxina do ENS <https://gobernanza.ccn-cert.cni.es/certificados> .

O resultado da valoración da documentación é a seguinte:

	DOCUMENTACIÓN SOBRE A	Balidea Consulting & Programing S.L.	Evelb Técnicas y Sistemas S.L.
1	DEUC	Cumpre	Cumpre
2	Declaración Responsable Múltiple	Cumpre	Cumpre
3	Certificado ISO/IEC/27001	Cumpre	Non cumpre
4	Certificado ENS nivel medio	Cumpre	Non cumpre
CUALIFICACIÓN		ADMITIDO	EXCLUÍDO





A Mesa acorda excluír da licitación ao licitador Evelb Técnicas y Sistemas S.L. por non acreditar os certificados esixidos como requisito imprescindible.

SEGUNDO.- Apertura criterios baseados en xuízos de valor

Neste acto ábrese o SOBRE B da única empresa que continúa na licitación. Este sobre contén a oferta técnica avaliábel mediante xuízos de valor. A Mesa acorda remitila ao Servizo de Asistencia a Intermunicipal (SAIM) da Deputación de Pontevedra para a súa valoración por persoal técnico cualificado.

Non habendo máis puntos que tratar nin intervencións, a Presidenta dá por terminada a reunión ás 11:10 horas, e para que quede constancia do actuado a secretaria da mesa redacta a acta que asina co Vº e praxe da Presidenta.

(Documento asinado electrónicamente)

De acordo co disposto no artigo 18.2 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, esta acta remitirase a través de medios electrónicos aos membros da Mesa, quen poderá manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto a efectos da súa aprobación, considerándose, en caso afirmativo, aprobada na mesma reunión.

